

Obras de mellora na
Avenida de Portugal
de Tui

Páxina V

Presentada a nova sede
do PSdeG de Salceda

Páxina VI

Salceda mellora o seu
sistema de xestión de
biorresiduos

Páxina VII

A Biblioteca do Porriño,
premio á Innovación
Bibliotecaria de Galicia

Páxina IX

O Porriño licita por
primeira vez a súa
sinalización viaria

Páxina IX

AEMOS inaugura oficina
de dixitalización

Páxina XII

Encontro Internacional
de Mulleres da Escena

Páxina XIII

Nigrán acolleu o 25º
aniversario do Fondo
Galego de Cooperación

Páxina XV

Entrevista



Jose Manuel Fernández
Presidente da Asociación de Hostaleiros
do Porriño (AHOSPOR)

"Con 'D-Gusta
O Porriño' apostamos
por mellorar a
calidade dos pinchos
cun prezo simbólico
para cubrir gastos"

Páxina VIII

Entrevista



Juan Carlos Fernández Márquez
Presidente do Club de Tenis de Ponteareas

"Ponteareas e o Condado son
unha canteira importante
para o tenis galego"

Páxina XVI



Felices Fiestas

Celebra con nosotros
la gran cena baile de fin de año

Dos ambientes dos salones
Salón sólo adultos - Salón familiar
Reservas: 986333404 - 666595983
O Porriño

Manolo
RESTAURANTE

DESAYUNOS TAPAS VARIADAS PLATOS PASTAS
CARNES PESCADOS BOCADILLOS HAMBURGUESAS
MENÚ DEL DÍA Y A LA CARTA OPCIONES VEGANAS Y SIN GLUTEN



GaliBar
COFFEE & RESTAURANT
DRINK & FOOD

© GALIBAR CENTRO
Manuel Rodríguez, 13
986 138 441
O PORRIÑO

© GALIBAR LOURAMBAL
Ctra. Relva, 2B
678 077 180
TORNEIROS

Por Francisco Peña. Científico, académico, escritor e humanista

Os once fillos predilectos de Ponteareas

PONTEAREAS, unha vila que non só destaca polo seu patrimonio natural, histórico e cultural, senón tamén porque deu innumerables personaxes ilustres que destacaron no ámbito da cultura, da música, da ciencia, da educación, da política, do deporte e no emprendemento empresarial, deixando un inestimable legado á sociedade, entre os que cabe destacar aos once fillos predilectos, que forman parte deste selecto club, e que mencionarei a través dunha breve nota biográfica.

Reveriano Soutullo Otero (1880-1932). Un dos grandes compositores de zarzuela en España. Deixou como herdanza máis de 40 obras, entre as máis famosas cabe mencionar: Puenteareas, Suite Vigo e La leyenda del beso. Debussy e Ravel, foron os músicos que máis o marcaron, atopounos en París.

Manuel Piñeiro Groba (1890-¿?). Serviu como mestre en Trabadelo e Cristiñade. Como periodista dirixiu o periódico El Tea (1927-1936). Presidiu a Corporativa do Campo San Miguel de Ponteareas. Destacado agrarista, recibiu a medalla da Cooperación Agraria Española (1978). Concelleiro do Concello de Ponteareas.

Fermín Bouza Brey (1901-1973). Antropólogo, xurista e escritor, os seus xéneros favoritos: a poesía (Nao Senlleira e Sietura) e a narrativa. Cofundador do Seminario de Estudos Galegos (1923). Investigador na Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto Padre Sarmiento. A Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras Galegas (1992).

Delio Rodríguez Barros (1916-1994). Ciclista profesional (1936-1950), campión da Volta Ciclista a España (1945), é o ciclista español con máis vitorias de etapa

(39) da historia da ronda española.

Manuel Crespo Alfaya (1918-2006). Político galego. Promoveu a cultura na provincia de Pontevedra.

Feliciano Barrera Fernández (1918-2012). Doutor en Económicas (UCM). Empresario. Destacou como editor de El Correo Gallego. Medalla Alfonso X El Sabio, medalla de Galicia, medalla Castelao, distintivo de ouro da USC, medalla de ouro ao mérito empresarial, fillo adoptivo de Santiago. Benefactor de Ponteareas e Galicia.

Rogelio Groba Groba (1930). Músico e compositor, con máis de 700 obras catalogadas (música sinfónica, cámara, coral, piano). Premio Xunta de Galicia da Cultura (1992). Medalla Castelao (1995), Galego do Ano (2002). Membro da Real Academia de Belas Artes de Galicia e da Real Academia de San Fernando de Madrid.

Lorenzo Olarte Cullén (1932). Licenciado en Dereito. Xuíz de Primeira Instancia e Instrucción en San Sebastián da Gomera (1961). Presidente do Cabildo de Gran Canaria (1988-1991). Deputado no Congreso dos Diputados (1993-1995). Vicepresidente e conselleiro de Turismo e Transportes

(1995-1999).

Antonio Troncoso de Castro (1933). Licenciado en Dereito e Ciencias Sociais. Coronel auditor do Corpo Xurídico Militar e ex Fiscal do Tribunal Supremo. Impulsor e benefactor do Corpus Christi de Ponteareas.

Álvaro Pino Couñago (1956). Ciclista profesional (1981-1991), vencedor da Volta Ciclista a España (1986) co equipo BH derrotando a ciclistas da talla de Fignon, Millard, Kelly o Delgado; 4º (1983), 8º e gran premio da montaña (1988) e 5º (1989). Obtivo dous octavos postos no Tour de Francia (1986/1988).

Francisco Peña Castiñeira (1955). Como non é bo falar dun mesmo, refírome a M.A. Novoa Iglesias, un dos douscentos autores que participaron no Liber Amicorum-Homenaxe ao Prof. Dr. Francisco Peña, no seu artigo: "Sons da infancia en Ponteareas nos anos 60", conclúe: "Francisco, ti eres Ponteareas e Ponteareas eres ti".



Ponteareáns destacados

PONTEAREAS, ademais dos once fillos predilectos xa comentados noutro artigo, deu moitos personaxes ilustres, que deixaron un legado importante á sociedade, que forman parte do seu patrimonio, entre os que se atopan:

Martín de Ginzo (s.XIII), xuglar, trovador das cantigas de amigo, autor de 8 cantigas.

Gabino Bugallal Araújo (1861-1932). Avogado e político monárquico conservador. Superministro de Instrucción Pública e Belas Artes, de Facenda, de Graza e Xustiza, de Gobernación, de Economía Nacional. Presidiu de forma interina o Consello de Ministros de España (1921). Presidente do Congreso dos Deputados. Fiscal do Tribunal Supremo. Membro da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas e da Xurisprudencia e Lexislación, e da Real Academia Galega. O Conde de Bugallal faleceu no Hotel Savoy de París, onde foi exiliado.

José Estévez Carrera (1869-1936). Avogado e político. Administrador da Beneficencia en Ourense. Traballou no bufete do ministro Bugallal. Deputado polo Partido Conservador entre 1914 e 1923. Especializado en temática forestal, formou parte da Comisión de Concentracións Parcelarias. Rexistrador da Propiedade. Subsecretario de Facenda e director xeral da Administración Local. Asasinado en Madrid o 02-11-1936.

Amado Garra Castellazaruelo (1873-1948). Avogado, periodista e figura destacada da política. Foi unha das figuras máis destacadas do primeiro agrarismo galego. Dirixiu en 1895 o Boletín de la Liga para la Defensa de la Higiene. Fundou e dirixiu El Tea de Ponteareas. Presidiu o Partido Republicano de Vigo. Foi alcalde de Vigo.

Alejandro Viana Esperón (1877-1952). Empresario e político republicano. Alcalde de Vigo. Deputado por Pontevedra nas Cortes (1936-1939). En 1939 tivo que exiliarse en París, onde desplegau unha labor humanitaria importante, a través do Servizo de Refuxiados Españoles, participando activamente na evacuación de 17.000 refuxiados republicanos. En 1941, emprendeu unha desesperada fuxida, logrou chegar a Ciudad de México, onde once anos despois, reencontrouse coa súa dona, Josefina. Alí rexentou unha farmacia e conseguiu a distribución da penicilina para todo México.

Manuel Domínguez Benavides (1895-1947). Periodista, escritor, político socialista. Autor en 1934 de El último pirata del Mediterráneo, biografía novelada do banqueiro mallorquín Juan March, que tivo un gran éxito editorial, polo que foi encarcerado, tivo que exiliarse.

José Domínguez Benavides (¿?-1985). Xornalista. Emigrou a Argentina, colaborou en diversos xornais, ata retornar a Galicia.

Na República foi redactor de Estampa de Madrid. En 1940 emigrou a Venezuela, colaborando na fundación do xornal El Nacional, Últimas Noticias (1941), Escola de Comunicación Social da Universidade Central de Venezuela, Asociación Venezolana de Periodistas. Loitou na clandestinidade contra a ditadura.

Maruja Pino Piñeiro (1918-2010). Escritora. Cultivou os xéneros da escritura, o teatro e a poesía, deixando unha obra prolífica como legado. Realizou labores humanitarios, colaborando con Cáritas e coa Asociación Española contra el Cáncer, da que foi presidenta no Condado.

Carlos Rivero Troncoso (1920-1994). Xornalista, escritor e político. Despois da guerra civil foise a Madrid. Director da revista Vieja Guardia. En 1947 ingresou en RNE (redactor xefe de informativos). Dirixiu o semanario El español dende 1966. Escribiu narrativa en castelán, poesía en galego e ensaio. Premio de Novela Ateneo de Valladolid 1960 por Mañana empieza el alba. Premio Nacional de Periodismo Francisco Franco 1968.

Emilio Rodríguez Barros (1923-1984). Ciclista profesional 1940-1950, vencedor da Volta Ciclista a España (1950), 5 triunfos de etapa e gran premio da montaña (que xa gañara en 1946 e 1947). Campión de España de ciclismo en ruta (1954).

Alfonso Quinteiro Alonso (1924-2009). Dibuxante, escultor, pintor e maestro, formado na Escola Superior de Bellas Artes de San Fernando en Madrid. Deixou una obra prolífica como legado, entre outras, fixo as esculturas de Bugallal e Soutullo

que presiden a entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas.

Manuel Rodríguez Barros (1926-1997). Ciclista profesional 1947-1960, subcampión da Volta Ciclista a España (1950).

José Teixeira Alonso (1928). Campión de España 3000 m. obstáculos (1951/53/55). Campión galego de cross (1953/54). Medalla de bronce 3000 m. obstáculos nos Xogos Mediterráneos (Barcelona, 1955). Gañador 3000 m. obstáculos con récord de España, no match París-Barcelona-Stuttgart (París, 1953), ademais de participar no Cross das Nacións (1953).

José Manuel Domínguez Rodríguez (1932). Enxeñeiro de Telecomunicacións e licenciado en Filosofía. Director Departamento de Metroloxía en Construcións Aeronáuticas na UCM. Destacan as investigacións sobre a ponteareana Agustina Sarmiento, o trovador Xoán de Guillade, Domínguez Benavides, e os conceptos masa e calidade. Entre os libros publicados: "Silverio Lanza y su hermano Narciso" e "Desarrollo de los funtores enunciativos". Traductor dos Principia Mathematica.

Abel Ramón Caballero Álvarez (1946). Economista, político e escritor. Doutor en Economía polas Universidades de Cambridge e Santiago de Compostela, catedrático de Teoría Económica da Universidade de Vigo, ministro de Transportes, Turismo e Comunicacións no Goberno de Felipe González. Alcalde de Vigo dende 2007 e presidente da FEMP dende 2015. Está en posesión da Gran Cruz da Orden de Carlos III (1989).

Xosé González Martínez, *Presidente do Foro E. Peinador.

Lápidas e exéquias fúnebres

O día de Defuntos ten en Galicia unha longa tradición manifestada nos ritos funerarios que expresan o tránsito da vida á morte. O antropólogo Marcial Gondar sitúa esa cultura na identidade, afirmando que os vivos e os mortos aínda constitúen unha comunidade: o defunto está sempre próximo, mesturado cos vivos nunha interacción que traspasa a vida cotiá.

Esa comunidade está asentada na urdime afectiva da identidade, que vai permitirlle ao individuo, ao longo da súa adolescencia, chegar o coñecemento da súa “mismidade”, é dicir daquelo que o confirma como unha mesma persoa en todo o seu desenrolo, “á par que o chanta no máis fondo da tradición do seu pobo e da súa raza”, no dicir de Juan Rof Carballo, un galego que acadou renomeado prestixio na medicina sicosomática.

Esa urdime afectiva da que nace o amor á Terra é instintivo no noso pobo. “O desexo da súa posesión éo aínda máis, pois ofrécelles a seguranza de vivir e morrer onde viviron e morreron seus pais. Manuel Murguía dicía que esta peculiaridade de amor á terra é case unha relixión. Así se explica o arraigo do culto aos mortos en Galicia.

Sen embargo, esa urdime afectiva é alterada, mancada, no tránsito da vida á morte, e queda reflectida nos camposantos.

A anomalía consiste en perpetuar nas lápidas a memoria dos defuntos nun idioma distinto do que tiveron en vida.



Un mostreo realizado pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNLG) confirma esa perturbación cultural: nas zonas galegofalantes apenas hai lápidas en galegos; sendo nas cidades onde hai máis. As razóns para comprendermos esta paradoxal realidade ten as súas orixes na falta de autoestima de amplos sectores do pobo no propio, fomentada por diversos axentes sociais.

Como todos os anos nesta segunda quincena do mes de outubro estanse a celebrar actos con intencionalidade pedagóxica para o restauro da identidade nos camposantos apelando á sensibilidade dos familiares dos falecidos para que substitúan as lápidas en castelán por outras en galego, e para que as exéquias fúnebres se realicen na lingua do defunto.

Para conseguirmos o obxectivo cómpre que os concellos galegos teñan parte activa neste proxecto galeguizador. Os chamamentos da AFNLG dirixidos aos concellos, afincanse na observancia do ordenamento xurídico vixente. Este é o caso da Lei da protección da Paisaxe de Galicia. Nela hai referencias explícitas aos cemiterios como espazos culturais singulares coas súas construción adxectivas, sobre as que desgrazadamente non se exerce ningunha vixilancia que evite que o sentido ilimitado que temos os galegos estrague panteóns e outras construcións funerarias. Os cemiterios deberían estar controlados por ordenanzas municipais que remedien esas intervencións desafortunadas que afean eses espazos da memoria colectiva.

Tamén a Lei da Calidade da Arquitectura sinala que “non pode haber desenrolo democrático se a cultura non é o seu núcleo, a maneira na que damos uso, mantemos e protexemos o noso patrimonio cultural”. Máis prolífica en medidas proteccionistas é a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia preceptuando que os bens inmobles son inseparables do seu entorno cultural. Estas premisas tiveron en conta nas obras realizadas no mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño que incluíu a creación dun novo campamento para acoller os restos que estaban nas tumbas situadas no adro. A novidade

do proxecto foi poñer lápidas en galego a todos os defuntos, converténdose así no camposantos máis galeguizado do país.

O próximo día 2 celebraremos nas súas inmediacións un acto de especial significación co participación dun cento de nenos e nenas do Concello da Paradela que escoitarán breves parlamentos previstos para a xornada, fomentando a sensibilidade na mocidade que garanta no futuro a harmonía lingüística entre as parroquias dos vivos e a dos mortos.

Este acto terá continuidade noutros concellos onde personalidades relevantes da vida institucional, académica e social procederán ao cambio das lápidas en castelán dos seus devanceiros por outras en galego para exemplo da cidadanía.

É de agradecer a adhesión da Federación Galega de Municipios e Provincias á organización do Día da Restauración da Memoria Lingüística. Sen embargo, lamentamos a indiferenza do Concello da Coruña á solicitude asinada por un cento de persoas de distintos ámbitos (xuristas, xuíces, empresarios, científicos...) para erixirle un acaído monumento funerario a Manuel Murguía que substitúa o seu sartego de propiedade municipal con lendas en castelán, localizado no cemiterio de San Amaro. A celebración do centenario do seu pasamento no mes de febreiro de 2023 xustificaría tal obra funeraria.



Gracias

BAIXO MIÑO

TUI

"Misión Atalanta" en Tui

Tui acolleu o 25 de outubro a conferencia "Misión Atalanta" organizada pola Subdelegación de Defensa en Pontevedra, atópase en Tui, cunha exposición ata o 28 de outubro na Sala Municipal de Exposicións, Edificio "Francisco Sánchez".

A conferencia foi impartida polo CC D. Pablo Redondo Belzunce, comandante naval do Miño, presentado polo subdelegado de Defensa en Pontevedra, D. Miguel C. Cortés Calvo. Estivo tamén presente o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro. Na conferencia tratáronse os antecedentes e



motivos que levaron ao lanzamento en 2009 de Atalanta, no que foi tanto a primeira actuación naval da Unión Europea no

marco da Política Común de Seguridade e Defensa, como a primeira misión militar específica de loita contra a piratería.

Club de lectura feminista
"Tempo de Mulleres"

O 15 de novembro o club de lectura Tempo de Mulleres retoma a súa actividade impulsado pola concellería de Igualdade en colaboración coa Biblioteca Municipal e dinamizado pola escritora tudense Conchi Regueiro. Esta iniciativa vai dirixida a mulleres, ofertándose un máximo de 15 prazas.

En "Tempo de mulleres" analizaranse obras escritas por mulleres baixo unha atenta lectura e diá-



logo, analizándoas e falando sobre elas dende unha perspectiva de xénero. A primeira obra que abrirá esta nova temporada será "O club da calceta" de María Reimóndez, obra finalista do Premio Xerais de 2005 e Premio Arcebispo Xoán de San Clemente 2007.

Algúns dos libros poderán ser facilitados gratuitamente, en réxime de préstamo, pola Biblioteca Pública Municipal a través da xestión do Concello de Tui

Defensa agasalla a Tui cun mapa do século XVIII

A subdelegación de Defensa en Pontevedra fixo entregou este 3 de novembro ao Concello de Tui dunha réplica dun mapa histórico da provincia de Tui procedente do Archivo cartográfico y de estudios xeográficos del Centro Geográfico del Ejército en Madrid.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, recibiu de mans do subdelegado de Defensa, Miguel C. Cortés Calvo, acompañado polo Comandante Naval do Miño, Pablo Redondo, este obsequio no que se plasma nunha nova ocasión a boa relación entre o Concello de Tui e as Forzas Armadas.

En concreto a réplica do mapa



recolle a parte meridional da provincia de Pontevedra dende Ponte Sampaio até o río Miño, e a zona setentrional do distrito portugués de Viana do Castelo

dende Caminha. No mesmo están sinaladas as garitas e fachos da fronteira española en setembro de 1762. Foi realizado nesa data por Alejandro Angles.

Tui aposta pola formación e o emprego



O Concello de Tui aposta pola formación e emprego desenvolvendo distintos proxectos como obradoiros de emprego, cursos de formación e actividades que contribúan a mellorar a empregabilidade da veciñanza tudense.

O Centro Municipal de Formación

e Emprego, en Guillarei, acolle intensa e variada actividade cunha ocupación nas súas instalacións superior ao 90%. Destacan un novo obradoiro dual de emprego 'Senda peonil río Furnia', carpintería, emprendemento xuvenil e dixitalización para mulleres no marco do proxecto Galegas Dixitais.

Coidados Porta a Porta en Tui

A unidade de Coidados Porta a Porta estará en Tui do 8 ao 11 de novembro ofrecendo servizos gratuítos de podoloxía, revisión auditiva e estimulación da memoria.

A unidade do programa Coidados Porta a Porta, posto en marcha pola Xunta de Galicia, estivera xa en Tui o pasado mes de abril, e en abril realizará unha segunda visita.

Visitas escolares no
Día da Biblioteca

Con motivo do Día da Biblioteca, que se celebrou o 24 de outubro, a Biblioteca Municipal de Tui recibiu unha serie de visitas de grupos escolares para coñecer as súas instalacións e servizos.

Un total de nove grupos do Colexio Maristas Santa María de Tui visitan a Biblioteca tudense

para achegarse ao funcionamento deste centro bibliotecario e coñecer os seus recursos tanto de acceso á cultura como á información.

O Día da Biblioteca contou este ano cun cartaz da ilustradora galega Xulia Vicente baixo o lema "BiblioTEcuida" que se centra en destacar o papel das bibliotecas como espazos libres e abertos.

Outono de lecer en Tui

O outono ofrece en Tui múltiples propostas para gozar do tempo de lecer vinculadas á cultura, ao patrimonio histórico ou natural.

Destacan así a II Feira da Cabaza; con degustacións e gastronomía; espectáculos de Tanxarina Títeres, Da.Te Danza e Contraproducións no Teatro Municipal; a exposición "Castelao grafista (fac-símile)" de Abanca e Afundación e a mostra fotográfica "En un Lugar Cualquiera" de ACCEM.

No ámbito deportivo o circuíto de Andainas e Caminhadas Saudables da Eurocidade Tui-Valença. Tamén o turismo no Parque Na-



tural do Monte Aloia e a Ponte Internacional sobre o Miño, roteiros históricos e rutas auto-

guiadas para público familiar para descubrir o tesouro de Sallomón ou o túnel de Dona Urraca.

Éxito na campaña turística 'Rio Minho: Un destino navegable'

Desenvolvida entre febreiro e outubro, a campaña turística da Ruta do Río Miño pechouse cun rexistro de 5.400 persoas, que participaron en 350 traxectos curtos e 100 longos.

Ademais de ofrecer estes paseos fluviais, a Ruta do Río Miño puxo en valor o diverso patrimonio natural, cultural e etnográfico de dúas eurociudades, Tui-Valença e Salvaterra-Monção, posicionando o Miño como un destino turístico único e diferenciado.

Inaugurada o 17 de decembro de 2021 e impulsada en FITUR e na BTL, Bolsa de Turismo de Lisboa, a ruta fluvial comezou a funcionar a finais de febreiro, coincidindo coa época do Entroido. Ante a demanda, en Semana Santa e verán, tivo que ampliar o seu horario.

Deste xeito, a Ruta do Río Miño ofrecía percorridos curtos, dunha hora de duración, e per-



corridos amplos, dunha xornada completa, con visitas aos centros históricos das catro localidades e degustación de produtos locais.

O resultado da iniciativa, concluída este 31 de outubro, foi bastante positivo, confirmando, por unha banda, o forte atractivo da comarca e, por outra, a navegabilidade do río Miño entre as dúas eurociudades. Tamén permitiu reforzar a relación entre os socios do proxecto "Río Minho: Un des-

tino navegable", e contribuíu a ampliar a oferta turística, cultural e patrimonial destes catro concellos bañados polo río Miño.

Dentro do proxecto "Río Minho: Un destino navegable", apoiado polo Programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) 2014-2020, a ruta fluvial implicou ás Eurociudades así como aos seus socios: Porto e Norte de Portugal, Axencia de Turismo de Galicia e Dirección Xeral do Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

Obras de mellora na Avenida de Portugal



O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Mitma, adxudicou as obras de adecuación e mellora da seguridade vial na Avenida de Portugal nun tramo de 400 metros na N-551 entre o cruzamento coa N-550 (intersección do Parador) até a vella Ponte Internacional que, en palabras do alcalde Enrique Caba-

leiro, "contribuirá á transformar a principal porta de entrada de Portugal no noso país e Camiño de Santiago".

As obras foron adxudicadas por importe de 532.870 euros e consistirán na mellora da seguridade vial e estética desta Avenida, entrada a España dende Portugal, Camiño de Santiago e acceso á cidade.

#Elixetui para incentivar o comercio local



O Concello de Tui impulsa a campaña promocional de apoio ao comercio local e de proximidade baixo o lema #Elixetui para "sensibilizar á veciñanza da importancia de consumir en clave local, de acordo a concelleira de Comercio, Ana Núñez.

A campaña quere aproveitar eventos comerciais como o Black Friday e as festas de Nadal. Para iso, o Concello deseñou unha imaxe específica e distribuír entre o sector da hostalaría e a restauración manteis e cartaces coa imaxe da campaña, así como bolsas de cartón serigrafiadas e unha valla publicitaria. Tamén

se realizarán promocións nas redes sociais de #QueroTui do sorteo de bolsas de rafia, cestas de produtos e varios carriños para a compra coa imaxe da campaña.

A campaña está inspirada na historia real de Edith Macefield, unha muller estadounidense de 80 anos que sostivo unha longa batalla contra os donos dun centro comercial que pretendían desalojar a súa casa para continuar co proxecto e que deu lugar a coñecida película de animación Up!. Esta campaña conta co financiamento da Consellería de Política Lingüística da Xunta de Galicia e do Concello de Tui.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

O PSdeG de Salceda presenta as emendas aos orzamentos da Xunta

O PSdeG de Salceda presentou, xunto coa parlamentaria Paloma Castro Rey, que se achegou no día de hoxe ata o concello de Salceda, as súas emendas aos Orzamentos da Xunta de Galicia do exercicio 2023. Un ano máis a percepción da agrupación socialista e da súa secretaria xeral e alcaldesa Verónica Tourón é que Salceda, a pesar de que hai unha partida orzamentaria para o IES Pedras Rubias, continúa tendo necesidades moi amplas que non son recollidas nos orzamentos autonómicos.

Esta reclamación á Xunta de Galicia, en forma de emendas adquire aínda máis relevancia sendo Salceda unha poboación cos indicadores demográficos máis dinámicos de Galicia. Datos poboacionais que revelan a importancia de realizar investimentos dotacionais para poder prestar servizos

á veciñanza salcedense, ante a capacidade orzamentaria limitada coa que contan os concellos.

O conxunto de emendas que se van presentar ao orzamento da Xunta son diversas e moitas delas históricas, xa que o PSdeG de Salceda leva demandando que se recollan nos orzamentos da Xunta durante varios anos de forma consecutiva.

Relacionadas co desenvolvemento de infraestruturas e a mobilidade o PSdeG-PSOE de Salceda volveu a presentar a realización completa do enlace coa estrada PO-511, na parroquia de San Xurxo e a súa iluminación, a realización da rotonda da Lagoela ou a urbanización da zona da Tabernanova, na parroquia de Soutelo.

No eido da educación a agrupación socialista local céntrase de novo na presentación das emendas para solicitar un proxecto

de un novo colexio de primaria, a construción do comedor escolar para o CEP Altamira, unha segunda Galiña Azul ou a construción dun patio cuberto con canalización para augas pluviais no CRA Raíña Aragonta.

No que respecta ao eido do coidado das persoas maiores trasladouse igualmente a emenda de investimentos para a construción dun Centro de Día para Salceda, para o que hai unha subvención solicitada.

Na área de deporte as emendas presentadas polo PSdeG-PSOE de Salceda son as relacionadas coas demandas acordadas no Consello sectorial do Deporte, que forma parte do Consello de Participación Veciñal de Salceda. Neste caso se tomouse a decisión, de solicitar á Secretaría Xeral do Deporte as dúas actuacións que se consideraron prioritarias relacionadas co



campo municipal da Gándara e co Pavillón Polideportivo municipal.

Presentáronse tamén as demandas de investimentos para a execución dos proxectos de saneamento integral das parroquias de Soutelo e Entenza, indispensables aos ollos do grupo municipal socialista.

Verónica Tourón secretaria xeral: “É importante sinalar con detalle aquelas carencias dos orzamentos que provocan a falla de investimentos esenciais por parte da

Xunta de Galicia en Salceda de Caselas, e materializalas en emendas para que poidan ser tidas en conta e mellorar así a calidade de vida da veciñanza.”

Paloma Castro parlamentaria do PSdeG: “É de vital importancia que as nosas agrupacións locais realicen un exercicio de control dos orzamentos autonómicos para reclamar a través das emendas que a Xunta de Galicia atenda ás demandas de investimento máis importantes nos seus respectivos concellos”.

Presentada a nova sede do PSdeG de Salceda

O PSdeG de Salceda de Caselas celebrou a apertura da súa nova sede. O acto contou coa presenza da Presidenta da Deputación de Pontevedra e Presidenta do PSdeG Carmela Silva e de moitas persoas militantes doutras agrupacións da provincia.

A Secretaria Xeral e alcaldesa Verónica Tourón e a súa Secretaria de Organización Ana Belén Valiño, estiveron á cabeza dos moitos e moitas militantes, simpatizantes e veciños e veciñas de Salceda que ateigaron a nova sede local nesta ocasión tan especial.

Ana Belén Valiño abriu o acto, para presentar a Presidenta da Deputación e agradecer a súa asistencia, recoñecendo como un exemplo do empoderamento que as mulleres deben acadar en política. Posteriormente interviron Carmela Silva e Verónica Tourón.

A Presidenta da Deputación quixo recoñecer o gran traballo realizado dende a alcaldía e o grupo municipal socialista, que mudou Salceda



de forma importante nestes últimos anos, e o papel da militancia local como fundamental para conquistar os mellores resultados nas vindeiras eleccións.

Verónica Tourón pola súa parte fixo unha lembranza emocionante da labours das mulleres e homes da agrupación con máis idade, pola súa loita durante moitos anos para finalmente acadar a alcaldía por primeira vez na historia de Salceda. Salientou que a o Partido Socialista viu para quedarse por moitos anos máis ao fronte do goberno local co obxectivo fundamental de facer unha Salceda mellor para as persoas.

Salceda solicita á Xunta de Galicia a mellora do transporte público

O tres partidos que conforman a corporación municipal de Salceda aprobaron por unanimidade, no pleno do pasado xoves 27 de outubro unha moción conxunta na que reclamaron á Xunta de Galicia, que revisara o contrato de explotación do transporte público, para acadar un mellores horarios que satisfagan as necesidades da veciñanza de Salceda. Dita moción tamén esixía que todas as modificacións nas liñas que afecten a Salceda sexan comunicadas pola empresa adxudicataria do transporte, en tempo e forma, para que non provoquen prexuízos ás persoas usuarias do transporte público.

Os últimos procesos de licitación non fixeron máis que empeorar a calidade do servizo reducindo frecuencias e eliminando liñas. A última empresa adxudicataria prestou dende os inicios un servizo deficitario e iso a pesar de que dende o concello se presentaron alegacións para a

mellora do transporte aos centros de ensino que foron aceptadas. A reanudación do servizo despois da pandemia tampouco axudou a que mellorara a calidade do mesmo senón que aínda empeorou máis.

A realidade do Transporte en Salceda e que se conta tan so con cinco liñas de ida a Vigo pola mañá e catro pola tarde e dúas de volta pola mañá e cinco pola tarde. Nas fins de semana o servizo restrínxese e so están dispoñibles dúas liñas de ida e dúas de volta diarias, o que empobrece moito a oferta de transporte público dispoñible.

As portavocías dos tres partidos salientaron a importancia de recoñecer as carencias do transporte no concello, a falla de calidade no servizo e a necesidade de reclamar de forma conxunta á Xunta de Galicia e a empresa adxudicataria melloras e solucións, para acadar un transporte público para Salceda que estea á altura das súas necesidades.

SALCEDA DE CASELAS

Salceda aplica iniciativa europea sobre reciclaxe

A concellería de Medio Ambiente de Salceda, que dirixe Rubén González ven de poñer en marcha o procedemento de entrega de composteiros individuais e cubos de 10 litros a través das subvencións para o financiamento de actuacións, en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Esta entrega de composteiros individuais e cubos teñen como finalidade estender as prácticas de compostaxe comunitaria ás diferentes vivendas unifamiliares e vivendas do centro urbano do municipio para acadar unha xestión máis sostible dos refugallos orgánicos.

As persoas interesadas na



obtención dalgún dos composteiros ou dos cubos deberán realizar a solicitude dos mesmos a través da sede electrónica ou dunha instancia xeral no Rexistro do Concello, aportando o DNI e un recibo do lixo. O prazo para solicitar os composteiros e cubos rematou o día 31 de outubro.

Os composteiros serán entregados por rigorosa orde de entrada no rexistro de cada unha das solicitudes. As persoas que se queden sen o seu composteiro ou cubo nesta convocatoria serán incluídas nunha lista de agarda para outras posibles entregas que se poidan realizar polo concello.

Salceda mellora o seu sistema de xestión de biorresiduos

O concello de Salceda de Caselas ven de adquirir unha biotrituradora con remolque modelo Forst B&S Gasolina 3, ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Ditas axudas financiaron o 90% do custo da maquinaria adquirida.

O obxectivo fundamental da adquisición deste tipo de maquinaria é fomentar a correcta xestión dos restos de poda para evitar as malas prácticas de depósito de restos vexetais nos



contedores de residuos orgánicos. doutro lado este proceso de tratamento dos restos de poda, reduce o número de queimas que a veciñanza ten que realizar periodicamente cos restos que xera.

O concello de Salceda establecerá o punto principal de acopio e recollida de restos de poda para o seu tratamento no seu punto verde "Salceda Separa".

O resultado deste proceso ade-

mais resulta beneficioso porque a biotrituración xera o estruturante necesario que pode ser utilizado para a xeración de compost, tanto nos composteiros comunitarios como nos individuais que a concellería de Medio Ambiente repartirá nos próximos días.

A combinación destas accións ten como finalidade dar os primeiros pasos para acadar o maior nivel de sostibilidade posible no concello de Salceda.

Salceda aproba o seu primeiro convenio para o persoal laboral

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas ven de aprobar por unanimidade o primeiro convenio colectivo do persoal laboral, que establecerá as condicións en que desenvolve o seu traballo o persoal non funcionario do Concello.

Logo dun longo proceso, na última mesa xeral de negociación conseguíase rematar o documento que contou coa aprobación unánime do equipo de goberno e a representación sindical, e que logo se traduciu nunha nova aprobación unánime por parte da corporación municipal no Pleno ordinario celebrado o pasado xoves.

O convenio recolle importantes melloras para o persoal laboral, que se equipara en diferentes aspectos ao persoal funcionario. Sen dúbida a mellora máis demandada era a do recoñecemento de trienios para este persoal, recoñecemento que non tiña cobertura legal sen a sinatura do convenio que agora se fai reali-



dade, e que xunto coas melloras da RPT supoñen un importante incremento da masa salarial.

Supón ademais a inclusión de retribucións complementarias, a fixación da compensación económica ou por tempo de descanso das horas extraordinarias, a posibilidade de acceso a anticipos de nóminas por valor de 3.000€ ou o incremento do valor da quilometraxe.

O goberno salcedense estableceu a aprobación da primeira RPT e o primeiro convenio laboral como obxectivos principais no que á área de persoal se refire para esta lexislatura, polo que amosaron a súa satisfacción por ter levado a cabo os dous documentos.

Gran lazo en Salceda no Día do Cancro de Mama



O concello de Salceda, en colaboración coa Asociación de Diagnosticadas de Cancro de Mama (ADICAM), conmemorou o Día do cancro de Mama no seu pavillón municipal, congregando a varias decenas de persoas, que baixo a coordinación das monitoras do Club de Patinaxe das Escolas Deportivas Municipais, realizaron un gran lazo humano sobre a pista do pavillón. Tamén asisti-

ron ao mesmo a alcaldesa Verónica Tourón e concelleiras e concelleiros da corporación municipal.

A cada unha das persoas que participaron se lles entregou unha camiseta de cor rosa e un pano conmemorativos do Día do cancro de Mama para colaborar con ADICAM, que esta a prestar na nosa contorna un gran servizo e apoio a todas as mulleres que padecen este tipo de cancro.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco.

Jose Manuel Fernández | Presidente da Asociación de Hostaleiros do Porriño (AHOSPOR)

"Con D-Gusta O Porriño apostamos por mellorar a calidade dos pinchos cun prezo simbólico para cubrir gastos"

Tras quince edicións de O Pinchorriño e nun contexto determinado polo encarecemento dos insumos e dos prezos da enerxía, a hostalería porriñesa aposta por unha nova iniciativa gastronómica,

"D-Gusta O Porriño", a realizarse durante este mes de novembro. José Manuel Fernández, presidente da Asociación de Hostaleiros do Porriño (AHOSPOR), comentou as novidades que trae esta nova Ruta.



Tras O Pinchorriño, a hostalería porriñesa aposta agora por D-Gusta O Porriño. A que se debe este cambio?

Nas últimas edicións estaba decaendo a participación hostaleira no Pinchorriño, tomando en conta o aumento dos prezos das materias primas, gas, luz, aceite, etc. Por tanto, á hostalería porriñesa facíasele imposible garantir un pincho decente similar ao das outras edicións e ademais gratuíto, tal e como pedía para participar neste evento a Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (ACIPOR), que ten a marca rexistrada de O Pinchorriño. Deste xeito se apuntaron poucos establecementos, co cal nos dimos

"Prevemos que un 15-20% do comercio local porriñés probablemente non aguantará este inverno"

conta que O Pinchorriño iba a menos. Así, dende AHOSPOR decidimos crear unha nova ruta de pinchos baixo o nome de "D-Gusta O Porriño".

Que novidades ten esta nova iniciativa de pinchos?

En vez de baixar a calidade do pincho decidimos poñer un prezo simbólico de 1€ para mellorar a súa calidade e así tamén para contribuír a cubrir os gastos. Participarán 37 establecementos e se realizará tódolos venres e sábados

do mes de novembro en horario de 19 a 23 horas. Toda vez destinaremos parte da nosa recadación en premios, o primeiro de 500€ como premio maior e outro de 500€ en vales de 50€ para gastar en hostalería e comercio local.

Tedes apoio do Concello e doutras entidades?

Si, o Concello apoia a idea, comprometéronse a axudar coa cartelería e promoción do evento.

Como está afrontando a crise AHOSPOR e a hostalería porriñesa?

Este outono 'pinta negro' tomando en conta a subida dos costes da luz, que son impresionantes, duplicando e triplicando o custo das facturas que supera xa incluso ao aluguer dos locais, tal e como nos comentan os nosos socios. Coñecemos casos de cafeterías e restaurantes que teñen que pagar facturas de luz de 1.500€ ata 5.000€ e máis. Engadido isto aos incrementos das materias primas augura un outono/inverno complicado, que pode provocar o peche dunha porcentaxe relevante cantidade de locais. Prevemos que un 15-20% do comercio local porriñés probablemente non aguantará este inverno.



BNG O Porriño: "O alcalde Alejandro Lorenzo négase a comparecer ante o Pleno"

Os nacionalistas do Porriño acusan ao alcalde Alejandro Lorenzo de negarse a comparecer ante os plenos municipais a pesares de que, no pleno do mes de setembro, aprobouse a instancias do BNG unha solicitude de comparecencia do Alcalde para dar na seguinte sesión plenaria

información sobre asuntos de especial relevancia para O Porriño, tanto en materia económica como relativos a inversións ou infraestruturas, incumprindo así o acordo maioritario da Corporación Municipal.

Deste xeito, o BNG pediu ao alcalde que informe sobre os seguintes asuntos: Auditoría e cese

da interventora municipal; Orzamentos; Villa Florida; e reunión con ADIF.

Por outra banda, o BNG informou que o Concello formalizou unha moción presentada polos nacionalistas en relación aos contratos de arrendamento de varias fincas na rúa Leandro Diz, para destinalas a aparcadoiro de vehículos



ou outros usos de interese público. Estes terreos de terra carecen a día de hoxe dun pavimento regular, dunha iluminación

axeitada e en gran parte dos mesmos prodúcese unha acumulación de auga que impide o uso para o que foron arrendados.

Novas de Turonio
Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

A Biblioteca do Porriño, premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2022

A Xunta de Galicia vén de recoñecer o proxecto “Acompañando na aventura de crecer: Xornadas para familias e profesionais”, da Biblioteca Municipal do Porriño, co V Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia, galardón que ten como obxectivo poñer de relieve e impulsar os proxectos e prácticas innovadoras levadas a cabo polas bibliotecas e axencias de lectura públicas municipais.

Os bibliotecarios, Albino Alonso e David Pérez, acompañados polo alcalde, Alejandro Lorenzo, e o concelleiro de Cultura, Bienvenido Estévez, recolleron hoxe o recoñecemento na clausura da IV Xornada de Bibliotecas Públicas de Galicia, que se celebrou na Cidade da Cultura de Galicia



coincidindo co Día das Bibliotecas. O premio está dotado con 3.000 euros e o distintivo de biblioteca innovadora.

Este galardón recoñece anualmente proxectos das bibliotecas públicas municipais relacionados coas seguintes áreas: aprendizaxe ao longo da vida, competencias

informacionais e dixitais, biblioteca dixital e redes sociais, cohesión e inclusión social, posta en marcha de servizos innovadores, sustentabilidade, igualdade entre homes e mulleres, loita contra a violencia de xénero e contribución aos obxectivos da axenda 2030.

O Porriño non aproba as modificacións no IBI e no ICIO

A proposta de redución de impostos que o Goberno Municipal levaba este 27 de outubro a pleno a fin de aliviar o esforzo fiscal das familias e empresas porriñesas non conseguiu o respaldo dos grupos da oposición.

As dúas modificacións das ordenanzas fiscais que contemplan bonificacións no IBI e no ICIO quedaron sobre a mesa a petición



do PSOE, que contou a tal fin co respaldo de BNG, EU SON e os dous concelleiros non adscritos, Manuel Carrera e Lourdes Moure.

O Porriño licita as obras de conexión á rede de saneamento do Picouzo

A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Ramón Porto, vén de sacar a licitación o proxecto de saneamento para o núcleo de Picouzo, na parroquia de Budiño. Permitirá “conectar á rede 29 vivendas e o colexio de Budiño, o que supón que beneficiará máis dun centenar de veciños e veciñas”, explicou o alcalde Alejandro Lorenzo.

A obra conta cun orxamento base de 347.953,20 euros. O prazo para a presentación de



ofertas está aberto e o prazo o 21 de novembro e conta cun prazo de execución de tres meses desde a súa adxudicación.

O Porriño licita por primeira vez a súa sinalización viaria



O Concello do Porriño sacou a licitación por primeira vez o contrato para a sinalización horizontal e vertical dos viais municipais, tanto no centro urbano como nas parroquias e polígonos industriais, para manter a orde e seguridade na circulación

nos viais, especialmente nos pasos de peóns e cruces.

O orzamento base de licitación é de 107.992 euros, ao abeiro dun convenio de colaboración asinado coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte.

Aprobada iniciativa do BNG para mellorar o aparcadoiro público da rúa Leandro Diz



O Concello do Porriño formalizou, despois dunha negociación iniciada xa polo anterior goberno municipal, contratos de arrendamento de varias fincas na rúa Leandro Diz, para destinalas a aparcadoiro de vehículos ou outros usos de interese público. Estes terreos de terra carecen a día de hoxe dun pavimento regular, dunha iluminación axeitada e en gran parte dos mesmos prodúcese unha acumulación de auga que impide o uso para o que foron arrendados.

O Pleno vén de aprobar unha moción presentada polo Bloque na que instamos ao goberno local a dotar de partida orzamentaria para executar de forma urgente as obras de pavimentación en asfalto e sinalización de prazas de aparcadoiro, a instalación dunha rede de iluminación que garanta a seguridade na zona e a construción dun pozo de recollida das augas pluviais. Con facer anuncios e sacarse fotos non chega. O goberno do PP ten que comprometer recursos públicos para facer realidade estas melloras.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Roteiros sobre a historia de mulleres guardesas

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller, deu co- mezo coa iniciativa “Historias de mulleres guardesas”, unha alter- nativa de ocio cultural e saud- able na que o eixo principal son as historias de mulleres da vila que destacaron nas súas diferen- tes épocas por diversas razóns.

O Primeiro roteiro tivo lugar o 14 de outubro e congregou a máis de medio cento de persoas que saíron dende a Praza do Reló, para facer un percorrido guiado polo casco histórico da vila e rematar na fonte da ribeira no Porto da Guarda cunha ame-



nización musical a cargo do can- tautor guardés Tino Baz. Com- pletaron esta actividade s roteiros do 28 de outubro e volverán a

ter lugar o 13 e 27 de novembro que, saíndo dende a Alameda da Guarda, falarán de mulleres de Salcidos e Camposancos.

Fondos europeos para reformar o pavillón da Sangriña na Guarda



Coa colaboración da Depu- tación de Pontevedra a través do plan REACPON, de fondos propios municipais e das axudas da Xunta de Galicia, o concello da Guarda poderá levar a cabo as reformas do pavillón municipal da Sangriña, tras pre- sentar o proxecto á convocatoria en concorrencia competitiva da liña 1 do Pirep local, incluído no Plan de Recuperación Transfor- mación e Resiliencia (PRTR), op-

tando así aos fondos europeos Next Generation EU.

A contía da subvención conce- dida ascende a 385.754,11 €, que foi a cantidade solicitada para cu- brir todos aqueles conceptos sub- vencionables do proxecto. Esta subvención ven a recoñecer a ca- lidade da proposta dende o punto de vista da eficiencia enerxética, da accesibilidade e a habitabi- lidade, valorando tamén a conser- vación do edificio.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

PP Tomiño: "A Xunta investiu máis de 3 millóns € no municipio"

O Partido Popular de Tomiño destacou que, durante o ano 2022, o goberno autonómico realizou un investimento total de 3.059.011 euros en proxectos recentes e en execución, aos que se podería engadir proximamente a partida destinada ao polígono agroforestal en Os Panascos, o cal se atopa en fase de estudo.

Destacan entre estes proxectos o convenio para asumir a xestión da EDAR durante dous anos; o cambio de luminarias do CEIP Sobrada e de carpinterías exteriores dos CEIP Pintor Antonio Fernández e Pedro Caselles; a



ampliación do IES Alonso Ríos; o programa integrado de emprego "Agroemprega"; e o "Plan Marco" de mellora de camiños rurais.

Estas cantidades complementan

tan os 4,2 millóns de euros investidos no últimos tres anos e os máis de 10 millóns de euros distribuídos para asociacións, empresas e comunidades de augas.

Presentouse en Gondomar o libro "Socialismo en Europa 2020"

A Aula da Cultura Ponte de Rosas do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) de Gondomar foi o escenario onde se presentou o 28 de outubro o libro de Xabier Pérez Davila, "Socialismo en Europa 2020. Unha ambiciosa proposta socialista,

feminista e ecolóxica" (Edicións Laiovento)

O autor presentou o seu libro coa charla "Está preparada Europa para o socialismo?", na que explicou os síntomas de malestar dentro das sociedades capitalistas, a precariedade la-

boral, a desigualdade na distribución das rendas e a baixada a nivel mundial da participación de salarios no PIB. O acto contou coa colaboración do Movemento Galego pola Defensa das Pensións e dos Servizos Públicos (MODEPEN)

O Rosal pon en marcha un punto verde para xestionar os restos de poda e herbas

O Rosal pon en funcionamento un punto verde, un espazo creado para axudar á veciñanza a xestionar os restos vexetais que non poden ser depositados nos colectores verdes da rúa.

Situado a carón do CPI Manuel

Suárez Marquier, este punto verde funcionará con cita previa para evitar o depósito incontrolado de materiais e será de uso exclusivo das vivendas do Rosal, xa que non poderá ser empregado por empresas de xardinería ou de limpeza forestal. Este espazo pretende

ser unha alternativa a aquelas persoas que teñen restos de poda que dado o seu tamaño ou cantidade non poden ser xestionados co sistema de préstamo de biotrituradoras posto en marcha polo Concello do Rosal, ademais de ser unha alternativa á queima.

O Quixote no Día das Bibliotecas na Guarda

Este 29 de outubro deu comezo á tempada teatral de corte infantil e familiar da man do gran clásico O Quixote, pensada para o público infantil e familiar. Esta peza, da man da compañía Pedras de Car-



tón, foi escollida para representar nesta data e celebrar así o Día das Bibliotecas que cada ano se conmemora o 24 de outubro, dentro da programación incluída no Outono Teatral subvencionada pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2022.

A peza que ven a recuperar o gran clásico da literatura española presenta unha proposta dunha coidada calidade técnica sen perder o gancho co seu principal destinatario: as crianzas. Cunha

estética inspirada no paiaso clásico e en clave de clown, a obra afronta as escenas máis icónicas e máis cómicas da relación antagónica entre Quixote e o seu escudeiro Sancho. Sobre un velocípedo a modo de Rocinante fai súa aparición o histriónico Quixote, e sobre o triciclo que substitúe ao asno Rucio cabalga o seu inseparable Sancho. Xuntos afrontarán os feitos máis inverosímiles tanto de día como de noite.

Formoso denunciou o "maltrato orzamentario da Xunta" ao Baixo Miño

Acompañado da candidata socialista Violeta Santiago, o secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, visitou o municipio de Tomiño para coñecer de primeira man as demandas da comarca relativas aos orzamentos da Xunta cara 2023 e trasladalas a emendas parlamentarias. Denunciou o "maltrato da Xunta" nas súas contas ao Baixo Miño.

Formoso denunciou a desapa-

rición nas contas do municipio tomiñés, cun "compromiso de cero euros da Xunta" e polo tanto, infraestruturas "necesarias" para a localidade e a comarca no seu conxunto, como a vía rápida que conecta os territorios que están a carón do Río Miño, conectando A Guarda, Tui ou a propia vila que visitou. Tamén visitou a adega Altos de Toroña para defender as demandas do sector vitivinícola.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados
hinos. duran s.l.



www.forjadosduran.com

LOURINHA

Mos

AEMOS inaugura oficina de dixitalización

A Asociación de Empresarios de Mos inaugurou a Oficina Acelera Peme - OAP Rural na súa sede do Viveiro de Empresas no Parque Empresarial PEMOS-Veigadaña, no que asistiron o seu presidente Manuel Castro e a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo.

A Oficina e ten como obxectivo construír unha rede de apoio ás PEMS da provincia de Pontevedra interesadas en dixitalizar o seu negocio. AEMOS dará cobertura á 120 empresas da provincia.

AEMOS figura entre as entidades seleccionadas por parte



de RED.ES para continuar co proceso de creación da Rede de Oficinas Acelera Peme por todo o territorio nacional. Entre outubro e novembro levará a cabo

Xornadas de Presentación e posta en marcha do servizo, en diversos puntos da provincia.

VIII edición da Festa micolóxica de Mos



O Pazo de Mos foi o escenario da presentación das XVIII Xornadas Micolóxicas e Forestais do Concello de Mos que comezaron o 31 de outubro con diversas actividades como charlas e conferencias e a tradicional xornada de degustación e concerto de Susana Seivane o día 6 de novembro.

Nestas xornadas participan a Asociación BaRes Mos xunto con outros 6 establecementos: A Adega da Tía Carmen; O Alpendre; Baxiña; Curuxeira; O Bocadiño; e a Hamburguesería Maceira.

Mos reclama máis seguridade na A-55

O Concello de Mos aprobou en Pleno municipal a petición unánime de toda a Corporación, a raíz da moción presentada polo equipo de goberno, dirixida ao Ministerio de Transportes para esixirle o óptimo mantemento e que garanta a seguridade na A-55.

A alcaldesa Nidia Arévalo asegurou que "a Autovía A-55 Vigo-Porriño é a vía máis perigosa de Galicia e a autovía con máis accidentes de España. Atópase nun estado deplorable poñendo en perigo desde hai semanas aos 60.000 condutores que utilizan a diario a autovía". Informou tamén que "un total de 57.180 multas anuais que só recadando unha sanción mí-



nima de 50€ por cada unha suman case 3 millóns de euros que, como mínimo, deberían ser reinvestidos nun óptimo mantemento do firme, xa que é competencia e responsabilidade do Estado".

A Corporación esixiu tamén ao Ministerio que "nos escoite" na petición da gratuidade da

peaxe de Porriño da AP-9, xa que é a solución máis rápida e inmediata para evitar e reducir a siniestralidade, e que se desvíe o tráfico da tan perigosa A-55, liberalizando a peaxe de Porriño da AP-9. Tamén pediu a finalización dos proxectos pendentes, entre eles a reparación do firme.

O Samaín máis 'conciliador'



Uns 82 cativos de entre 3 e 12 anos de idade participaron nas instalacións do CEIP de Petelos nunha actividade de conciliación da

vida familiar e laboral organizada pola concellería de Política Social e Igualdade, Cultura, e Participación Cidadá do Concello de Mos.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

I Encontro Internacional de Mulleres da Escena en Vigo

Tras unha espectacular apertura na Casa das Artes de Vigo con acrobacias aéreas, cheas de forza, poderío, beleza e alegría, a cargo do dúo integrado por Raquel Oitavén e Mercé Solé, "Duelirium", inaugurouse o "I Encontro Internacional de Mulleres da Escena en Igualdade. MEI 2022" que converte a Vigo na capital europea da igualdade nas artes escénicas.

A presidenta da Deputación, Carmela Silva, o alcalde de Vigo, Abel Caballero, e a presidenta de Clásicas y Modernas, Fátima Anllo abriron o encontro, que se estendeu ata o 27 de outubro, e concentrou a máis de 30 conferencias, todas elas mulleres



de referencia das artes escénicas de España, Portugal, Suecia, Grecia, Francia e Reino Unido que o converten no acontecemento europeo "máis potente" en materia de igualdade e artes escénicas organizado ata o momento.

O MEI 2022 serviu para crear

a Rede Europea de Mulleres das Artes Escénicas que se presentou no marco do encontro das Deputacións, Concellos e Cabidos da FEMP celebrado o 27 de outubro en Vigo para aprofundar nas políticas de igualdade que se realizan no Estado.

Zona Franca analizou o Plan Estratéxico de Pontevedra

Zona Franca de Vigo analizou con axentes sociais e económicos de Pontevedra os sectores de turismo, emprendemento, "smart city" e internacionalización, nel terceiro workshop del Plan estratéxico de la provincia.

Tralas reunións de Tui e Salnés-Caldas hai unhas semanas, chegou a quenda da mesa de traballo de Pontevedra, para completar a análise coas súas achegas. En Pontevedra reuníronse nunha mesa de traballo a Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa da Provincia de Pontevedra (Aempe), a Federación provincial de empresarios de hostalería de Pontevedra (Feproh), o Foro Empresa Pontevedra, Aje Pontevedra, GALP-Ría de Pontevedra, Albergue de Peregrinos "Virxe Peregrina" e Promoción e Xestión Cultural Trisquelia.

O delegado do Estado na Zona Franca, David Regades, destacou que "este plan pretende ser un dos piares para o crecemento económico da provincia e por iso é prioritario contar co consenso e opinión de axentes e concellos. Así que, na elaboración



deste plan, están a participar ademais das administracións municipais, os axentes sociais, as principais entidades empresariais e o tecido empresarial".

Ao workshop asistiron así mesmo os concelleiros pontevedreses Tino Fernández, Gloria Blanco e Iván Pontes, e tamén o concelleiro de Poio Gregorio Agís.

Previamente realizáronse entrevistas persoais a 35 axentes e realizouse a análise de 9 iniciativas de éxito que servirán como modelo. Agora a folla de roteiro continúa e trátase de focalizar e recoller ideas. Estas mesas de traballo foron deseñadas para identificar liñas de traballo e proxectos que dean resposta aos retos demográficos,

económicos e de desenvolvemento sostible a os que se enfronta la provincia.

Ao longo das próximas semanas reuniránse mesas tamén en Silleda para a área de Tabeirós-Terra de Montes-Deza, en Moaña para a área Vigo-O Morrazo e en Baiona para o estudo da área do Val Miñor. As consultas aos axentes complementa un diagnóstico global e pormenorizado por división económica, no que se recolle a situación social e económica da provincia, así como as oportunidades e principais desafíos para os próximos tempos. De todas estas achegas sairá un documento de liñas estratéxicas e, posteriormente,, o plan operativo con accións concretas.

AECT Rio Minho, protagonista nas xornadas transfronteirizas de Huelva



O Río Miño foi protagonista en Huelva nunhas xornadas sobre como se deben poñer en valor turístico espazos transfronteirizos organizadas pola Junta de Andalucía e o Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) dentro do proxecto europeo Atlazul.

Nestas xornadas participaron a Deputación de Pontevedra, Lois Pérez Castrillo, asesor provincial de proxectos Europeos Transfronteirizos da AECT Rio Minho e o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro.

No relatorio "Experiencias de cooperación transfronteiriza entre

Galicia e o Norte de Portugal: a cooperación no treito internacional do río Miño", Pérez Castrillo explicou o traballo conxunto para o desenvolver economicamente o territorio baseándose nos recursos endóxeos, potenciando a identidade do espazo que rodea o Miño, a súa cultura e os seus espazos naturais, destacando o río navegable como unha opción de aventura, na gastronomía (a lamprea), o albariño, e o sistema de fortalezas fronteirizas, elementos singulares que diferencian o territorio miñoto dos seus competidores á hora de captar turismo.

A ONCE celebra o 75 aniversario da Zona Franca de Vigo



O 75 aniversario do Consorcio da Zona Franca de Vigo foi o protagonista do cupón da ONCE realizado o 31 de outubro. Cinco millóns de cupóns difundirán esta efeméride a través de 19.000 vendedores e vendedoras da ONCE. Manuel Martínez Pan, delegado territorial da ONCE en Galicia; David Regades, delegado do Estado na Zona Franca; Roberto Gaspar, director da ONCE en Vigo; e Abel Caballero, alcalde de Vigo, presentaron este cupón.

Regades indicou que "este cu-

pón será o inicio de colaboracións coa ONCE". O Cupón Diario da ONCE pon en xogo un premio de 500.000 euros ao número máis a serie, e 49 premios de 35.000 euros ás cinco cifras do número premiado. Ademais: 450 premios de 250 euros ás catro primeiras cifras e outros 450 premios ás catro últimas; 9.000 premios de 25 euros no caso de tres últimas ou tres primeiras; e o mesmo para as dúas primeiras e últimas (6 euros), e reintegro de 2 euros á primeira ou a última cifra do número premiado.

Carmela Silva: "Ponte...nas Ondas! é un modelo internacional na transmisión do patrimonio inmaterial"

O modelo de Boas Prácticas para a transmisión do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) que leva adiante a asociación Ponte...nas Ondas! (PNO!) foi presentado o 3 de novembro na Área Panorámica da Eurocidade Tui-Valença, coa colaboración do Club Faro de Vigo a través das Charlas Club Faro.

O modelo PNO! presentará a súa candidatura do 28 de novembro ao 3 de decembro na XVII xuntanza do Comité Inter-gobernamental para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial

(PCI) da UNESCO a celebrarse en Rabat (Marrocos)

O acto público foi presentado por José Font, director da Radio Municipal de Tui, xornalista e colaborador de Ponte...nas ondas! e contou coa presenza da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, do alcalde tudense Enrique Cabaleiro, e das profesoras Esmeralda Carvalho, do Agrupamento de Escolas Muralhas do Minho e M^a Jesús Álvarez Paz, do CEIP Sabarís de Baiona, ámbalas dúas representantes de Ponte...nas ondas! Tamén estiveron pre-

sentes outras autoridades como alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, e o concelleiro de Cultura de Ponteareas, Fernando Groba.

Durante a súa intervención, o alcalde Cabaleiro explicou que o modelo de PNO! pretende "sensibilizar á sociedade sobre estas iniciativas" de PCI. Pola súa banda, Carmela Silva asegurou "non ter dúbidas" do éxito da candidatura de PNO! na xuntanza en Rabat, toda vez eloxiu este "modelo internacional na transmisión do patrimonio inmaterial" que supón "un proxecto de valores que cons-



trúe sociedades".

O acto finalizou cunha peza do músico porriñés Pancho Álvarez,

quen deleitou aos asistentes amenizando co seu violín con toques de música transfronteiriza.

Por Roberto Mera Covas

Benigno Moldes, in memoriam

Hai días nos que, de súpeto e coa garda baixada, a realidade te sacude con virulencia e te coloca diante do espello para lembrarte con toda a crueza a túa fragilidade e que hoxe estás aquí e mañá, se cadra, xa non. Memento mori -lembra que vas morrer- dinos a vida, do mesmo xeito que o servo murmuraba ao xeneral romano que desfilaba vitorioso polas rúas de Roma.

O pasado domingo foi un deses días. Cando souben do repentino e súbito falecemento do meu compañeiro e amigo Benigno Moldes, a incredulidade deu paso á conmoción, esta ao abatemento e de seguido, como nun efecto dominó, a un remuíño vertixinoso de sentimentos dominados pola mágoa e a dor.

Nestes poucos días de difícil asimilación da implacábel realidade, marcados polo resistencialismo do "non pode ser verdade", ducias de imaxes vèñenme á cabeza: a daquel rapaz algo maior ca min que a comezos dos 90 coñeciamos coma o chófer do alcalde; a daquel axente da policía que me transmitía aplomo, seguridade e a necesaria confianza para nomealo por vez primeira Xefe da Policía Local, naquel efémero goberno do ano 2003, e a do Oficial e Xefe co que durante estes últimos case catro anos compartín a diario, como tenente de alcalde e concelleiro de Mobilidade, traballo, retos, preocupacións, satisfaccións e, o máis valioso, a amizade.

Nas cotiáns camiñadas de horas e horas, baixo o sol ou a choiva, que faciamos por

unha vila que, contra vento e marea, queríamos transformar, descubrín a unha persoa comprometida co público e que soñaba, tanto ou máis ca min, cun pobo para as persoas, para os cativos e os maiores, para as bicis e para as persoas con mobilidade reducida e que puidera chegar a ser unha referencia para o resto do País. O seu entusiasmo e a súa aposta por unha Ponteareas liberada do monopolio dos vehículos non pasaban desapercibidos para ninguén, tampouco para Daniel Macenlle, un dos artífices, como Xefe da Policía Local de Pontevedra, da transformación desa cidade, cando, de visita en Ponteareas, o coñeceu por vez primeira e ao ver a súa implicación foi rotundo: "tedes moita sorte", díxome.

Nas nosas frecuentes xornadas de traballo coñecín ao home pragmático, eficaz e ávido por aprender e formarse. Co papel sobre a mesa, cheo de cores, trazos e frechas, estudamos e avaliamos o Plan de Mobilidade e o rueiro de Ponteareas poñendo en práctica as recomendacións de Jesús e Jaime, os recoñecidos técnicos de mobilidade da Deputación Provincial, e aplicando os nosos propios coñecementos adquiridos nos cursos de mobilidade que durante meses compartimos e con éxito superamos baixo o maxisterio do enxeñeiro e experto en mobilidade Fernando Nebot.

Como bo alumno avantaxado, Moldes, apenas uns días antes de deixarnos, despedíuse de nós impartindo formación nesta materia ás policía locais da provincia,



dende o orgullo do acadado en Ponteareas e conscente de que era tamén o seu logro persoal e profesional.

Nas periódicas reunións coa Policía Local constatee o respecto que se gañara e a autoritricas que o conxunto de axentes lle recoñecían, determinante para que, en apenas cinco anos, Ponteareas pasara de media ducia a case unha vintena de grandes profesionais cohesionados ao seu redor e que, á súa formación na Academia Galega de Seguridade, sumaron a da escola da experiencia que encarnaba Moldes con máis de 30 anos de servizo. Orgulloso coma ninguén do seu uniforme, guiou aos seus compañeiros e compañeiras, a quen tamén defendía como representante sindical, inculcándolles firmeza na esixencia de respecto á Policía Local fronte a aqueles que aínda pretendían ninguneala ou desprezala coma un corpo de segunda división.

E nos intres de sosego e respiro, xantando ou disfrutando dunha cervexa ou un viño, reflexionamos e debatemos ao redor da profesión que compartiamos, a avogacía, ao tempo que se aparecía ante min o home emprendedor que foi ao longo da súa vida en diferentes actividades económicas e empresariais.

Sorprendentemente, malia a tristura que me produce escribir un artigo que nunca imaxinara nin quixera ter escrito, son quen de sorrir lembrando todas esas experiencias ao revivilas impregnadas polo positivismo, o relativismo retranqueiro e a graza coa que Moldes sempre enfrontaba calquera situación, especialmente as críticas maledicentes: "que estarán a tramar estes dous?" díciame entre risos, para advertirme do que lle estaría a suscitar a nosa presenza a aqueles veciños que, en ocasións, nos observaban con receo ou desconfianza cando tomabamos notas ou faciamos medicións en calquera rúa.

En tres épocas, explicaba Séneca, divídese a vida: a que foi, a que é e a que será; destas tres, a que vivimos no presente é breve, a vindeira é dubidosa e a que xa vivimos é certa e irrevocábel. A esa certeza do pasado vivido agárrome. Sen melancolía nin tristura. Porque ese, estou seguro, sería o mandato de Moldes, a súa derradeira orde: nada de abatemento ou pesadume e vista á fronte, lembrando con satisfacción o vivido con el e recollendo o seu legado para continuarmos avanzando na brevidade da vida. Mentres dure, aquí seguiremos ás túas ordes, amigo Moldes.

"Luz verde" para o Plan Concellos 2023

O Plan Concellos, o instrumento de financiamento obxectivo da Deputación aos 59 municipios da provincia de menos de 50.000 habitantes, crecerá en 2023 ata os 44 millóns de euros.

A Deputación reforza o Plan Concellos cun millón de euros adicional que estará especificamente destinado aos concellos de menos de 20.000 habitantes, que recibirán así máis apoio económico provincial como vía para facer fronte aos efectos da crise global de inflación. Os números do Plan foron presentados pola presidenta da Deputación, Carmela Silva, e o vicepresidente César Mosquera, que destacaron a axilidade coa que o Plan sae á luz, aínda sen rematar o mes de outubro, permitindo así aos concellos planificar con suficiente antelación



de cara ao ano próximo.

Desde 2016, ano en que a Deputación puxo en marcha o Plan Concellos para garantir o financiamento regado aos concellos con criterios obxectivos, achegáronse aos 59 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes máis de 340,7 millóns de euros, dos que máis de 156,7 millóns de euros foron para os de menos de 10.000 habitantes, máis de

110,3 millóns de euros para os de entre 10.001 e 20.000 habitantes e preto de 73,6 millóns de euros para o grupo cunha poboación comprendida entre os 20.001 e os 50.000 habitantes. O concello máis pequeno da provincia, Mondariz-Balneiro, recibirá 275.520 euros e o maior dos financiados a través do Plan Concellos, Vilagarcía de Arousa, 1.399.121 euros.

Seminario #PoliÁgora pretende reducir a siniestralidade viaria en Pontevedra

A Deputación de Pontevedra deu un novo paso para potenciar o modelo de cidades no que as persoas e non os coches son os protagonistas a través do seminario #PoliÁgora, unha iniciativa formativa que puxo en relevo a importancia das e dos axentes municipais como garantes da nova dimensión que debe ter o espazo público "como espazo de estancia e non só de circulación" dos vehículos a motor.

Coa presenza da presidenta da Deputación Carmela Silva e do

deputado de Mobilidade Uxío Benítez, na xornada participaron como relatoras a directora provincial da Dirección Xeral de Tráfico Paula Yubero, o director xeral de Protección Cidadá do Concello de Pontevedra Daniel Macenlle (que tamén substituíu por baixa médica ao inspector xefe da Policía Local de Pontevedra José Manuel Duarte Solla), o oficial xefe da Policía Local de Ponteareas Benigno Moldes Álvarez e o policía local e voceiro da Policía Local de Pontevedra Manuel Omil.

Unha das cuestións que quedou clara na xornada de #PoliÁgora é a aposta dos concellos da provincia polo modelo de prioridade invertida, na que as e os peóns son a cima da pirámide. O director de Protección Cidadá da capital Daniel Macenlle explicou que o espazo público foi concibido ata non fai moito tempo como un espazo para os coches onde as rúas eran case sinónimos de estradas, unha tendencia que está a cambiar totalmente, e que incide na siniestralidade.

Nigrán acolleu a celebración do 25º aniversario do Fondo Galego de Cooperación



Preto dun cento de representantes de concellos galegos e caboverdianos, da administración central e autonómica e de organizacións da sociedade civil, entre outros, conmemoraron este 21 de outubro en Nigrán o 25º aniversario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.no

Foi precisamente o Concello de Nigrán que xestou en 1997 a creación desta rede Concellos e Deputacións que hoxe conta con 100 membros, sendo recoñecido como axencia municipal da cooperación galega.

Baixo o lema #oglobalélocal, celebrouse un gran acto conducido pola actriz Diana Sieira no que se combinaron os discursos e recoñecementos con lembranzas e emocións, alén da música galega e africana. Participaron o anfitrión alcalde de Nigrán e presidente do Fondo Galego, Juan González; o Instituto Ga-

lego de Análise e Documentación Internacional, Daniel G. Palau; Herménio Fernandes, presidente da Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos; o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo; e a subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, entre outros.

Tras os discursos institucionais, tivo lugar a entrega de recoñecementos aos concellos fundadores e ás entidades que apoiaron a constitución do Fondo Galego, como o IGADI, a propia Xunta ou a Federación Galega de Municipios e Provincias.

O evento, que contou coa música galega de Leni Pérez e Roberto Comesaña e máis cos ritmos angolanos de Alberto Mvundi, pechouse cun vídeo no que municipios e organizacións de distintos países enviaban parabéns ao Fondo Galego.

JJ Copas

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036
www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

TALLER

SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA @ 986 641 579
peluqueriatallermt@gmail.com

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Juan Carlos Fernández Márquez | Presidente do Club de Tenis de Ponteareas

"Ponteareas e o Condado son unha canteira importante para o tenis galego"

Con quince anos de traxectoria, o Club de Tenis de Ponteareas está crecendo e alcanzando logros deportivos como o ascenso do seu equipo masculino absoluto á máxima categoría

do tenis galego. Falamos co seu presidente Juan Carlos Fernández Márquez sobre a historia, logros e necesidades desta institución deportiva.



Cando e como nace o Club de Tenis Ponteareas?

O Club nace como consecuencia da posta en marcha dunha nova escola de tenis en Ponteareas en setembro de 2007, con moi boa acollida e conta con numerosos alumnos que se apuntan para aprender e mellorar neste deporte. Meses despois plantexamos a creación dun club para para poder competir a nivel galego e así darlle un plus á escola e ao noso alumnado, comezando a competir nos campionatos galegos por equipos.

Que actividades realiza o Club para fomentar o tenis a nivel local?

A actividade no noso club non para durante todo o ano. A competición por equipos (absoluta, alevín, infantil, júnior, veteranos +45, etc.) comeza en xaneiro e prolóngase ata xuño, mes que aproveitamos para organizar o Open Vila do Corpus (un dos mellores torneos de Galicia) En xullo dispútase o Torneo Social no que participan todos os xogadores do noso club. Neste mes tamén comeza o noso Campamento de Verán, que comprende os meses de xullo e agosto. En setembro damos paso ao Torneo Concello de Ponteareas. En outubro volve a competición por equipos

"Este 2021 o noso equipo absoluto masculino A acadou o ascenso á máxima categoría do tenis galego, División Ouro"

(veteranos +35, cadetes, etc.) que se prolongará ata decembro.

En canto a éxitos deportivos, que nos pode comentar?

Este 2021 o noso equipo absoluto masculino A acadou o ascenso á máxima categoría do tenis galego, División Ouro onde só xogan os 12 mellores clubs de toda Galicia. O equipo absoluto feminino ascendeu á División de Prata. Os nosos equipos de veteranos +35 e +45 tamén están nas categorías máis altas da División de Honra. Tamén ascendeu o equipo alevín feminino, o infantil e o júnior masculino quedou na mesma división.

Podemos afirmar que Ponteareas e o Condado son unha canteira importante para o tenis galego?

Sen dúbida, Ponteareas e o Condado teñen moitos nenos e nenas e iso fai posible ter unha gran canteira. Onde com-

piten os nosos equipos de menores e xa comezan a chegar os resultados do traballo que se leva a cabo durante todos estes anos.

Recentemente, o clube fíxose eco de determinadas carencias en infraestruturas. Cales son as necesidades nesta materia?

Si, levamos anos traballando e medrando, para iso necesitamos o apoio do Concello de Ponteareas. Foise mellorando sen dúbida a base de traballar e dedicarlle horas, conseguíronse dúas pistas de tenis máis, púxose iluminación en dúas destas pistas para poder adestrar cando escurece, que no inverno todos sabemos que despois das 18:00 ou incluso antes xa non se ve. Notamos que nos últimos anos as cousas se estancaron xa que levamos sete anos reivindicando vestiarios, algo básico para a escola e as diferentes competicións e torneos. Isto tamén nos impide aspirar a celebrar competicións e torneos maiores.

"Levamos sete anos reivindicando vestiarios"

Non ter baños, duchas, un lugar onde cambiarse... todo isto é unha necesidade e non un capricho. O número de licenzas

este último ano foi de 173, o que supón unha cifra bastante importante xa que somos o sexto club de Galicia con máis licenzas. A actividade no clube agora mesmo é de luns a domingo, entre as clases que temos todos os días e as competicións da fin de semana.

"Somos o sexto club de Galicia con máis licenzas"

Ten apoio institucional do Concello? E doutras entidades, empresas privadas?

Si, temos un convenio de colaboración co Concello para o uso das instalacións, onde tamén temos uns deberes que cumprir e eles tamén. Tamén temos colaboración puntual de algunha empresa privada, basicamente en publicidade.

Como ten sido a aceptación cidadá ao clube de tenis?

Pois parécese moi bo xa que cada vez veñen máis nenos a probar a nosa actividade e cada ano temos caras novas na nosa escola. Por outra banda, os nosos torneos son cada vez máis visitados polos cidadáns e o certo é que moitos deles saen alucinados co nivel de tenis que temos nestes torneos e aquí tan preto da casa.



Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas